


DOCENTES DOS CORPOS DE PROFESORADO

(música e artes escénicas, artes plásticas e deseño)

Traballo nun centro no que se imparten **ensinanzas artísticas profesionais**



Podo integrarme no corpo de **Profesorado de Ensinanzas Artísticas Profesionais** (sen ningún requisito e sen que cambie nada na práctica)




Poderei participar nos concursos de méritos para acceder ao **Corpo de Cátedras de EEAA profesionais** (limitación de 30% do total do profesorado).

Seguirei impartindo docencia no mesmo destino que teño e participarei no concurso de traslados ás mesmas prazas (cátedras, profesorado)

Impartín docencia durante 5 cursos en **ensinanzas artísticas superiores**

π




Podo integrarme no corpo de **Profesorado de Ensinanzas Artísticas Superiores**

Non impartín docencia en EEAA superiores durante 5 cursos e teño **destino definitivo ou provisional** nun centro que imparta **UNICAMENTE** estas ensinanzas



Terei un prazo de 4 cursos desde a entrada en vigor da Lei para poder acreditar a experiencia de 5 cursos e poder integrarme no novo corpo de **Profesorado de Ensinanzas Artísticas Superiores**

DOCENTES DO CORPO DE MESTRES DE TALLER



Podo integrarme no corpo de **Profesorado de Ensinanzas Artísticas Profesionais SÓ** se teño **titulación de GRAO ou equivalente**

DOCENTES DO CORPO DE CÁTEDRAS

(música e artes escénicas. artes plásticas e deseño)

Teño titulación de Doutor/a ou a consigo nun prazo de 10 anos após a entrada en vigor da

Lei



Podo integrarme no corpo de
Cátedras de Ensinanzas Artísticas Superiores

Non teño titulación de Doutor/a nin a vou ter durante os 10 anos posteriores á entrada en vigor da Lei



Quedarei para extinguir no **actual corpo de Cátedras de Música e AAEE ou de AAPP e Deseño** ao que pertenza, con plena equiparación co novo corpo de cátedras

ACCESO NO FUTURO AO CORPO DE CÁTEDRAS DE ENSINANZAS ARTÍSTICAS SUPERIORES

- O ingreso ordinario para impartir docencia de ensinanzas artísticas superiores (oposicións, listas de interinidades) será no **CORPO DE PROFESORADO** de EE.AA. SUPERIORES
- Ao **CORPO DE CÁTEDRAS** de EE.AA. SUPERIORES só se poderá acceder mediante **CONCURSO DE MÉRITOS** entre quen forme parte do **CORPO DE PROFESORADO** de EE.AA. SUPERIORES